

Dirección Xeral de Formación Profesional

Admisión Formación Profesional 2024-2025

- FP Básica

Instrucións xerais

Índice

1	Introdución.....	3
2	Requisitos de acceso.....	4
2.1	Alumnado en idade de escolarización obrigatoria.....	4
2.2	Alumnado en idade de escolarización non obrigatoria.....	4
3	Procedemento de incorporación de alumnado de escolarización obrigatoria.....	4
3.1	Alumnado de escolarización obrigatoria procedente de 3º ou 4º de ESO.....	5
3.2	Alumnado de escolarización obrigatoria procedente de 2º de ESO.....	5
3.2.1	Elaboración do consello orientador.....	5
3.2.2	Carga na aplicación da relación inicial de alumnado.....	5
3.2.3	Revisión e autorización pola Inspección Educativa da relación inicial de alumnado.....	5
3.2.4	Relación final de alumnado para incorporar a un ciclo básico.....	6
4	Prazo de presentación de solicitudes.....	6
4.1	Alumnado en idade de escolarización obrigatoria.....	6
4.2	Alumnado en idade de escolarización non obrigatoria.....	7
5	Matrícula.....	7
6	Postos escolares dispoñibles.....	8
7	Procedemento de adxudicación de prazas.....	8
8	Consulta de información do procedemento de admisión.....	9
8.1	Consulta da información da resolución provisional de solicitudes.....	9
8.2	Período de reclamación contra a resolución provisional de solicitudes.....	9
8.3	Consulta da información da resolución definitiva de solicitudes.....	9
8.4	Consulta da información da adxudicación de prazas.....	9
9	Alumnado con praza garantida.....	9
9.1	Alumnado que repita 1º curso.....	9
9.2	Alumnado que acade a promoción ou que repita o 2º curso.....	10
10	Constitución de grupos nos ciclos formativos de oferta obrigatoria sostidos con fondos públicos.....	10

1 Introducción

Estas instrucións xerais detallan o proceso de admisión á formación profesional básica para:

- Alumnado de escolarización obrigatoria procedente de:
 - 2º de ESO proposto polo centro educativo para a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico.
 - 3º ou de 4º de ESO que solicita por petición propia, xunto cos seus pais, nais ou persoas titoras, a incorporación a un ciclo formativo de grao básico.
- Alumnado que repite 1º curso e alumnado que se promove ou repite 2º curso dun ciclo formativo de grao básico.
- Alumnado de escolarización non obrigatoria que, cumprindo os requisitos legalmente establecidos, desexa incorporarse a estas ensinanzas.

A normativa que recolle a regulación destas ensinanzas é a seguinte:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que no artigo 41.1 establece os requisitos de acceso a ciclos formativos de grao básico de formación profesional.
- Decreto 107/2014, do 4 de setembro, que regula aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e establece vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.
- O acceso e a admisión ás ensinanzas de formación profesional básica están regulados no capítulo III da Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión a estas ensinanzas. Todos os anexos mencionados nestas instrucións son os recollidos nesta orde:
 - Anexo I de admisión e matrícula na formación profesional básica. Xérase automaticamente na aplicación Cicloadmisión cando o centro carga a solicitude. Tamén está dispoñible na web <http://www.edu.xunta.gal/fp/fpbasica> en formato editable.
 - Anexo II: consello orientador.
 - Anexo III: consentimento de incorporación á formación profesional básica.
 - Anexo IV: comunicación de incorporación á formación profesional básica, dispoñible na web <http://www.edu.xunta.gal/fp/fpbasica> en formato editable.
- Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023-2024 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que introduce modificacións na formación profesional básica que supoñen un cambio de estrutura curricular e, no caso de superar o ciclo formativo, obterase o título de graduado en educación secundaria e un título de técnico básico na especialidade correspondente. Nesta modificación da Lei orgánica 2/2006, tamén se insiste na importancia da selección do perfil académico e vocacional do alumnado que sexa proposto para realizar ciclos formativos de grao básico; así, o artigo 30.1 di: "O equipo docente poderá propor a pais, nais ou persoas titoras legais e ao propio alumno ou alumna, a través do consello orientador, a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico cando o perfil académico e vocacional do alumno ou da alumna así o aconselle, sempre que cumpra os requisitos establecidos no artigo 41.1 desta lei. As Administracións educativas determinarán a intervención do propio alumnado, das súas familias e dos equipos ou servizos de orientación neste proceso. Os ciclos formativos de grao básico irán dirixidos preferentemente a quen presente maiores posibilidades de aprendizaxe e de alcanzar as competencias de educación secundaria obrigatoria nunha contorna vinculada ao mundo

profesional, velando para evitar a segregación do alumnado por razóns socioeconómicas ou doutra natureza, co obxectivo de preparalo para a continuación da súa formación.”

- Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de formación profesional.

2 Requisitos de acceso

2.1 Alumnado en idade de escolarización obrigatoria

O alumnado en idade de escolarización obrigatoria ten que cumprir os requisitos de acceso establecidos no artigo 90 do Real decreto 659/2023. Por tanto, para acceder aos ciclos formativos de grao básico terá que cumprir simultaneamente as seguintes condicións:

- Ter feitos quince anos ou facelos durante o ano natural en curso.
- Ter cursado o terceiro curso ou, excepcionalmente e a criterio do equipo docente e o responsable da orientación no centro, o segundo curso de educación secundaria obrigatoria.
- Ser obxecto de proposta ou solicitar por petición propia, xunto cos pais, as nais ou persoas titoras legais, a incorporación a un ciclo formativo de grao básico, cando o perfil vocacional do alumno ou da alumna así o aconselle.

Deste xeito, dentro do grupo de alumnado en idade de escolarización obrigatoria temos dous subgrupos.

- Alumnado procedente de 2º de ESO proposto polo centro educativo para a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico.
- Alumnado procedente de 3º ou 4º de ESO que solicita por petición propia, xunto cos seus pais, nais ou persoas titoras, a incorporación a un ciclo formativo de grao básico.

2.2 Alumnado en idade de escolarización non obrigatoria

As persoas en idade de escolarización non obrigatoria poden solicitar a súa incorporación a un ciclo formativo de formación profesional básica se cumpren os seguintes requisitos:

- Que fagan 17, 18, 19 ou 20 anos no ano de inicio do ciclo formativo, con independencia de que estivesen ou non escolarizadas no curso escolar anterior.
- Que non estean en posesión dun título de formación profesional nin de ningún outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos.

3 Procedemento de incorporación de alumnado de escolarización obrigatoria

O proceso de admisión ás ensinanzas de formación profesional básica implica unha serie de actuacións coordinadas polo centro educativo no que está matriculado o alumnado, que á súa vez fará un labor de acompañamento no proceso, e que se concreta en varios pasos que se describen a continuación.

Nos centros privados, as funcións de dirección entenderase que serán realizadas pola persoa titular desta, e as funcións do xefe ou a xefa do departamento de orientación serán realizadas, de ser o caso, pola persoa que realice tarefas de información e/ou orientación.

3.1 Alumnado de escolarización obrigatoria procedente de 3º ou 4º de ESO

O alumnado en idade de escolarización obrigatoria procedente de 3º ou 4º de ESO que desexe solicitar por petición propia, xunto cos seus pais, nais ou persoas titoras, a incorporación a un ciclo formativo de grao básico, deberá facer a solicitude no centro de orixe directamente no prazo de presentación de solicitudes establecido. O centro facilitará a información e a documentación necesaria, e asesorará a este alumnado no proceso de realización da solicitude.

Non será necesario que o centro realice proposta de incorporación, que si que é imprescindible no caso do alumnado procedente de 2º de ESO, segundo o establecido no artigo 90 do Real decreto 659/2023.

Este alumnado manterá a matrícula no curso que corresponda ds ESO ata que teña praza adxudicada nun ciclo de grao básico e se proceda á súa matrícula no centro que corresponda.

3.2 Alumnado de escolarización obrigatoria procedente de 2º de ESO

O equipo docente dos grupos de 2º de ESO con alumnado en idade de escolarización obrigatoria que poida ser proposto para realizar ciclos formativos de formación profesional básica, xunto co xefe ou a xefa do departamento de orientación, realizarán unha reunión na que se analice a situación escolar do alumnado en risco de non alcanzar o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Nesta reunión establecerase unha **relación inicial** de alumnado susceptible de se incorporar ás ensinanzas de formación profesional básica, que será asinada por todo o equipo docente e o xefe ou a xefa do departamento de orientación. Esta reunión deberá realizarse antes do **14 de xuño**.

3.2.1 Elaboración do consello orientador

O titor ou a titora elaborarán para cada alumno ou alumna o consello orientador, segundo o modelo do anexo II da Orde do 13 de xuño do 2015, coa axuda do xefe ou a xefa do departamento de orientación, no cal se fará constar:

- O grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias que xustifican a proposta.
- As dificultades de aprendizaxe presentadas.
- As medidas de atención á diversidade aplicadas, de ser o caso.
- Os motivos razoados polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno ou a alumna se integren nun ciclo formativo de formación profesional básica.

O consello orientador emitirase por duplicado e irá asinado, en nome do equipo docente, polo titor ou a titora do alumno ou da alumna, polo xefe ou a xefa do departamento de orientación, e pola persoa encargada da dirección do centro educativo.

Un exemplar do consello orientador e, de ser o caso, do documento de consentimento incluíranse no expediente académico.

3.2.2 Carga na aplicación da relación inicial de alumnado

Os datos da relación inicial de alumnado de escolarización obrigatoria proposto para ser incorporado a ciclos de grao básico serán cargados, xunto co consello orientador, na aplicación Ciclosadmisión ata o **14 de xuño**, e pasarán a estar ao dispor da Inspección Educativa para a súa revisión.

3.2.3 Revisión e autorización pola Inspección Educativa da relación inicial de alumnado

A Inspección Educativa do centro de orixe autorizará ou rexeitará individualmente o alumnado que pasará a formar parte da proposta definitiva de alumnado de escolarización obrigatoria procedente de

2º de ESO para incorporar á formación profesional básica. Farase na aplicación Ciclosadmisión do **17 ao 19 de xuño**.

3.2.4 Relación final de alumnado para incorporar a un ciclo básico

Na **sesión de avaliación final** do alumnado de 2º curso de educación secundaria obrigatoria establecerase a **relación final de alumnado** de escolarización obrigatoria susceptible de se incorporar ás ensinanzas de formación profesional básica, que será asinada por todo o equipo docente e o xefe ou a xefa do departamento de orientación.

Durante o prazo de presentación de solicitudes e antes da carga de solicitudes na aplicación Ciclosadmisión:

- A dirección do centro comunicaralles ao pai, á nai ou ás persoas titoras legais do alumno ou da alumna que este/a foi proposto/a para un ciclo formativo de formación profesional básica, e entregará un exemplar do consello orientador e o documento no cal, de ser o caso, darán o consentimento para incorporar o alumno ou a alumna a estas ensinanzas (anexo III da Orde do 13 de xullo de 2015).
- O departamento de orientación colaborará coa dirección do centro para informar o alumnado e as familias do alumnado proposto acerca das características xerais e das finalidades dos ciclos formativos da formación profesional básica.
- O documento de consentimento deberá estar debidamente cuberto e asinado por calquera das persoas titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio, será necesaria a sinatura de ambos os proxenitores, agás nos supostos de alumnado afectado por situacións de violencia de xénero ou de que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. Nestes casos, será necesario presentar, xunto co documento, a resolución xudicial correspondente para que o centro educativo a cotexe. De non entregar este documento no prazo que se estableza, entenderase que non dan o consentimento.
- No caso de que o pai, a nai ou as persoas titoras legais do alumno ou da alumna dean o consentimento para o/a incorporar a estas ensinanzas, a dirección do centro educativo entregarálles por duplicado o documento de comunicación de incorporación á formación profesional básica segundo o modelo do anexo IV.

4 Prazo de presentación de solicitudes

O **prazo de presentación de solicitudes** será desde o **24 de xuño ás 9:00 horas ata o 4 de xullo ás 13:00 horas**. Os centros educativos disporán ata as 14:00 horas do día 4 de xullo para **cargar as solicitudes na aplicación Ciclosadmisión**.

4.1 Alumnado en idade de escolarización obrigatoria

Con independencia de se se trata de alumnado que fai a solicitude por petición propia procedente de 3º ou 4º de ESO ou se é alumnado proposto para a súa incorporación a grao básico procedente de 2º de ESO, será o **centro de orixe** o encargado de recoller e cargar os datos da solicitude de admisión e matrícula, segundo o modelo do anexo I da Orde do 13 de xullo de 2015, na aplicación informática Ciclosadmisión. Na aplicación faranse constar dous ciclos de grao básico por orde de preferencia para os cursar e outros dous que serán de reserva no caso de non obter praza en ningún dos dous primeiros, e que serán empregados pola comisión de escolarización para realizar a adxudicación subsidiaria.

O centro educativo de orixe completará a carga das solicitudes de admisión á formación profesional básica (anexo I) na aplicación e fará entrega do resguardo de solicitude á persoa solicitante. Á súa vez, deben subir á aplicación a seguinte documentación escaneada:



- Documento oficial de identidade, DNI ou NIE.
- Comunicación de incorporación á formación profesional básica (anexo IV da Orde do 13 de xullo de 2015) só no caso de alumnado procedente de 2º de ESO.
- Certificado de discapacidade, no caso de participar no proceso de admisión pola reserva para persoas con discapacidade e se se dá algunha das seguintes situacións:
 - Non autorizar a consulta dos datos relativos ao certificado de discapacidade en poder da Administración autonómica de Galicia, de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.
 - Se o órgano competente para emitir o certificado de discapacidade non pertence á Administración autonómica de Galicia.

Da aplicación descargárase un resgardo de solicitude con dúas copias, unha para o centro e outra para a persoa solicitante (cun código de solicitude único e un código persoal de consulta), que será selado, datado e entregado á persoa solicitante ou ás súas persoas representantes, como documentación acreditativa da presentación da solicitude. O código de solicitude deste resgardo permitirá un acceso individualizado das persoas solicitantes aos seus datos persoais no proceso de admisión. Tamén permitirán a consulta individual das resolucións provisionais e definitivas de solicitudes admitidas e excluídas, e os resultados das adxudicacións nos períodos correspondentes.

Os resgardos da solicitude deberán ser asinados pola persoa solicitante. Se esta é menor de idade, ademais deberá ser asinado por calquera das persoas titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio, será necesaria a sinatura de ambos os proxenitores, agás nos supostos de alumnado afectado por situacións de violencia de xénero ou de que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. Nestes casos, será necesario presentar, xunto coa solicitude de admisión, a resolución xudicial correspondente para que o centro educativo a cotexe.

4.2 Alumnado en idade de escolarización non obrigatoria

O **centro educativo de destino** cargará directamente na aplicación as solicitudes do alumnado de escolarización NON obrigatoria e fará entrega do resgardo de presentación da solicitude á persoa interesada nos mesmos prazos e co procedemento descrito para o alumnado de escolarización obrigatoria.

5 Matrícula

A **comisión de escolarización** disporá desde o día **12 ao 19 de xullo ás 13:00 horas** para a asignación de prazas. Ningunha matrícula se fará sen autorización da comisión de escolarización.

Logo de feita pública a información da adxudicación de prazas, os centros de destino comunicaranse con este alumnado para realizar as correspondentes matrículas, tanto das persoas que teñan praza adxudicada como daquelas ás que lles sexa asignada subsidiariamente pola comisión de escolarización. Para estes efectos empregárase a aplicación informática Cicloadmisión.

A comisión de escolarización determinará os ciclos que queden liberados por dispor de prazas vacantes ao carecer de listaxe de espera, e tamén os ciclos suprimidos por non ter demanda suficiente para seren impartidos.

A matrícula das persoas admitidas formalizarase no **centro de destino** a partir do día **23 de xullo**.

A matrícula en ciclos liberados para alumnado de escolarización non obrigatoria que non teña o título de educación secundaria obrigatoria tamén debe ser autorizada pola comisión de escolarización. Terán

consideración de liberados os ciclos que dispoñan de prazas vacantes non cubertas por alumnado de escolarización obrigatoria.

A comisión de escolarización tamén determinará os ciclos cuxa impartición non sexa viable pola baixa demanda, e que terán a condición de suprimidos.

6 Postos escolares dispoñibles

Con carácter xeral, o número de postos escolares dispoñibles para cada ciclo da formación profesional básica é de dezaoto. Excepcionalmente, a xefatura territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que corresponda poderá modificar o límite establecido, considerando as posibilidades organizativas do centro.

Do total de postos escolares que se ofrezan, reservarase a mesma porcentaxe que para o resto das ensinanzas de formación profesional, é dicir, o 10 por cento (dúas persoas por grupo), para estudantes que teñan recoñecida unha discapacidade. Esta porcentaxe reservarase ata que finalice a adxudicación subsidiaria da comisión de escolarización establecida no artigo 14.6 da Orde do 13 de xullo de 2015.

O alumnado con necesidades educativas especiais que curse un ciclo formativo da formación profesional básica incorporárase, con carácter xeral, co resto do alumnado matriculado no programa. Este alumnado, para os efectos de ocupar postos escolares, computará o dobre.

7 Procedemento de adxudicación de prazas

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, no caso de existir maior número delas que de postos escolares dispoñibles, asignaranse as prazas conforme os seguintes criterios de prioridade:

- Alumnado que cursase 2º de ESO.
- Alumnado que cursase 3º de ESO.
- Alumnado que cursase 4º de ESO.

Dentro de cada grupo, ordenarase de menor a maior idade.

En caso de empate entre varias persoas solicitantes por un mesmo posto escolar e co obxectivo de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou de homes, seleccionárase en virtude do sexo menos representado na área profesional en que se demande a praza de formación.

Se logo de aplicados estes criterios se mantén o empate, este resolverase empregando como criterio de ordenación os derradeiros cinco díxitos numéricos do documento oficial de identidade (DOI).

A admisión do alumnado corresponde:

- Nos centros públicos, ao director ou á directora. Ademais, o consello escolar, de existir este órgano colexiado, debe emitir informe, consonte o disposto nos artigos 132.n) e 127.e) da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Nos centros privados con ensinanzas concertadas, a admisión do alumnado correspóndelle a quen exerza a súa titularidade, e o consello escolar deberá garantir o cumprimento das normas xerais de admisión, consonte o disposto no artigo 57.c) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación. Con este fin, o referido consello escolar asesorará a quen exerza a titularidade do centro, que será responsable do cumprimento das citadas normas.

8 Consulta de información do procedemento de admisión

A consulta de toda a información do proceso poderá facerse na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>, no centro de orixe ou naquel no que se teña adxudicada a praza. A aplicación Ciclosadmisión permitirá a consulta individualizada de información durante todo o proceso e especialmente durante os períodos correspondentes ás resolucións de solicitudes admitidas e excluídas, e de adxudicación. Para a consulta da situación individual poderase usar o DOI e o código da solicitude, usuario e contrasinal de edu.xunta.gal, chave 365 ou certificado dixital.

8.1 Consulta da información da resolución provisional de solicitudes

O día **8 de xullo** poderase consultar a información da resolución **provisional** de solicitudes para cursar ensinanzas de formación profesional básica. Os centros de orixe comprobarán a corrección da información e terán ata o **día 11 de xullo** ás 14:00 horas para realizar as emendas que sexan necesarias.

8.2 Período de reclamación contra a resolución provisional de solicitudes

As persoas que desexen reclamar contra a resolución provisional de solicitudes teñen desde o **8 de xullo ás 9:00 horas ata o 11 de xullo ás 13:00 horas**. Serán os centros de orixe os encargados de emendar a información da listaxe.

8.3 Consulta da información da resolución definitiva de solicitudes

O día **23 de xullo** poderase consultar a información da resolución **definitiva** de solicitudes empregada para realizar a asignación de prazas.

8.4 Consulta da información da adxudicación de prazas

O día **23 de xullo** poderase consultar a información da adxudicación de prazas.

As persoas solicitantes poderán presentar **desde o día 23 ata o día 31 de xullo, ante a dirección dos centros públicos ou ante quen exerza a titularidade dos centros privados, a correspondente reclamación**.

Contra o resultado desta reclamación, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada, no caso dos centros públicos, ou formular reclamación, no caso dos centros privados, ante a persoa titular da xefatura territorial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa comunicación.

Para a comunicación do establecido nos puntos 4, 5, 6 e 7 do artigo 14 da Orde do 13 de xullo de 2015, empregarase a aplicación informática Ciclosadmisión.

9 Alumnado con praza garantida

9.1 Alumnado que repita 1º curso

O alumnado que repita primeiro curso, por primeira vez no mesmo centro e ciclo, presentará a solicitude de admisión e matrícula no mesmo centro en que estivese matriculado no curso previo. O prazo para a presentación desta solicitude e o prazo para formalizar a matrícula son os mesmos que para o alumnado de nova incorporación ao primeiro curso. Os centros terán que rexistrar esta solicitude de admisión na aplicación informática de xestión do proceso de admisión, Ciclosadmisión.

9.2 Alumnado que acade a promoción ou que repita o 2º curso

O alumnado que acade promoción a segundo curso, no mesmo centro e ciclo, ou que repita segundo curso, por primeira vez no mesmo centro e ciclo, presentará a solicitude de admisión e matrícula no mesmo centro en que estivese matriculado no curso previo. O prazo de presentación desta solicitude será o mesmo que para o alumnado de nova incorporación ao primeiro curso. A presentación da solicitude terá consideración de matrícula e permitirá ao centro realizar o rexistro da matrícula na aplicación informática XADE.

10 Constitución de grupos nos ciclos formativos de oferta obrigatoria sostidos con fondos públicos

Logo de atendidas todas as solicitudes de matrícula do alumnado en idade de escolarización obrigatoria, incluídas as remitidas pola comisión de escolarización, e constituído o grupo, de quedaren prazas vacantes, poderanse completar os grupos con persoas de escolarización non obrigatoria ou persoas que iniciaron e non remataron un ciclo de grao básico e que desexan cambiar de ciclo.